



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E ONG RESCATE INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ARRAIGO PARA A FORMACIÓN.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, María Cristina Bermejo Diñeiro, en calidade de Directora de Programas da ONG RESCATE Internacional, con NIF G80366107 e con domicilio na rúa Avenida de Córdoba Número 15, piso 3, 28026, Madrid, en nome e representación da dita entidade segundo nomeamento de data 27 de Xuño de 2019 e escritura pública outorgada ante o notario Antonio Pérez- Coca Crespo, o 5 de Decembro de 2019, co números 1411949, 1411950 e 1411951 do seu protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. A Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 29 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, ostenta a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito. E tamén a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu



artigo 3 como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, favorecer a integración e socialización normalizada da poboación inmigrante.

Segundo. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, e de acordo co establecido no artigo 29 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ten entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de intermediación e orientación laboral, cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego e, singularmente, a coordinación da participación das entidades colaboradoras, sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada.

De conformidade co exposto, correspóndelle a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia española de apoio activo ao emprego 2021-2024, do respectivo Plan anual de fomento do emprego digno (PAFED) e no eido da colaboración institucional.

Terceiro. A entidade ONG RESCATE Internacional é unha institución sen ánimo de lucro que, tal e como consta nos seus estatutos, ten como finalidade axudar e asistir ás persoas refuxiadas de calquera parte do mundo e axudar ás persoas desprazadas, levar a cabo a favor destes colectivos, proxectos de acción social con servizo de apoio para acceso ao emprego e baixo un modelo de acompañamento profesional que inclúe orientación laboral, creación de redes profesionais e apoio para a busca de emprego así como accións grupais dirixidas a mellorar as capacidades e habilidades das persoas demandadas polo mercado laboral. Polo tanto, ONG RESCATE Internacional xa ten experiencia na implantación deste tipo de programas ademais conta cun mapa de empresas colaboradoras que lle permiten ter un amplo coñecemento e tamén capacidade para levar a cabo proxectos neste ámbito.

Cuarto. O Real Decreto 629/2022, do 26 de xullo, polo que se modifica o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei Orgánica 2/2009, aprobado polo Real





Decreto 557/2011, de 20 de abril, recolle na súa parte expositiva que é necesario actualizar e mellorar a actual normativa migratoria vinculada ao ámbito laboral, que resulta desfasada para cubrir as necesidades e desaxustes do mercado de traballo actualmente. Ademais as empresas atópanse con procedementos administrativos complexos e que se dilatan no tempo cando tratan de cubrir os postos de traballo vacantes coa chegada de persoas traballadoras por vías regulares.

A ese escenario de necesidades do mercado de traballo, contraponse a existencia de persoas en situación irregular que desexan traballar e que se ven obrigadas a acudir a determinado tipo de autorizacións como son as de residencia por circunstancias excepcionais e, máis concretamente, aos denominados arraigos laboral e social.

Quinto. Coa entrada en vigor do dito Real Decreto 629/2022, do 26 de xullo, entra en vigor a nova figura do arraigo para a formación, de xeito que aquelas persoas que residan en España en situación irregular e cumpran un compromiso efectivo de formación poidan obter unha autorización de residencia. Deste xeito, por un lado, poderase obter persoal coa formación necesaria para cubrir postos de traballo que ofertan as empresas e por outra parte, procederase a incorporar ao mercado laboral a persoas que se atopan traballando de maneira precaria ou directamente irregular.

Sexto. A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de opoñer excepción do réxime común de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofrecer a poboación inmigrante irregular unha formación que lles permita acceder á situación de arraigo para a formación contemplado no Real Decreto 629/2022, de 26 de xullo.

Tendo en conta que ONG RESCATE Internacional é unha entidade que desenvolve programas encamiñados á mellora da empregabilidade das persoas e dada a especificidade do programa a desenvolver, os requisitos das persoas destinatarias participantes, a necesidade de que sexa executado por unha entidade que poida actuar de xeito integral, que conte cos medios necesarios, e que reúna as condicións de solvencia técnica para a realización das actividades propostas, estímase xustificada a elección da mesma xa que dispón de todo o necesario para poder desenvolver o programa e por iso se





considera que dita entidade é a idónea para realizar este programa e inclúese dentro da excepción ao principio de concorrencia pública de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do anterior, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

1. O obxecto deste convenio é establecer as condicións e compromisos polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a entidade ONG RESCATE Internacional para o deseño, desenvolvemento e seguimento dun programa de arraigo para a formación dirixido a persoas inmigrantes en situación irregular, cuxo obxectivo é que estas persoas poidan obter unha autorización de residencia e de traballo facilitando a súa integración sociolaboral e poder regularizar a súa situación.

2. Como obxectivos específicos do programa no marco do presente convenio establécese que:

- a) 35 persoas inmigrantes en situación irregular e que obteñan a autorización de residencia para arraigo por formación, realicen con aproveitamento unha acción formativa que responda a unha das tipoloxías recollidas na Instrución SEM 1/2022 sobre o arraigo para a formación e outras cuestións comúns ás autorizacións de residencia temporal por motivos de arraigo previstas no artigo 124 do Regulamento de Estranxeiría, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, concretamente na instrución primeira, punto 1, apartados b), c) ou e).
- b) 25 das persoas contempladas no parágrafo anterior, obteñan un contrato de traballo por conta allea relacionado coa familia profesional da formación recibida e acreditada no arraigo, que lles permita obter a autorización por residencia e traballo.

Segunda. Compromisos das partes

A entidade ONG RESCATE Internacional comprométese a desenvolver as accións e funcións previstas no presente convenio e a poñer a disposición deste os recursos humanos e materiais precisos para a execución destas, así como tamén a impulsar as relacións e alianzas que aporten valor engadido ao obxecto do presente convenio.



A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, comprométese a colaborar no financiamento dos gastos derivados desta iniciativa de conformidade co establecido na cláusula décimo primeira, así como a facilitar a información da que dispoña relativa a ofertas de traballo non cubertas e perfís profesionais máis demandados.

Terceira. Persoas destinatarias finais

Con base ao establecido no artigo 124.4 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei Orgánica 2/2009, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, na súa redacción dada polo Real Decreto 629/2022, do 26 de xullo, para ser persoas destinatarias deste programa de arraigo para a formación deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Acreditar unha permanencia continuada en España durante un período mínimo de dous anos previos á solicitude de autorización de residencia. Para estes efectos, as ausencias de España non poderán superar os 120 días nun período de tres anos, ou 90 días nun período de dous anos.
- b) Carecer de antecedentes penais en España e no seu país de orixe ou no país ou países nos que residise durante os últimos cinco anos.
- c) Comprometerse a realizar unha formación que responda á tipoloxía das recollidas no apartado b) do dito artigo 124 e tendo en conta o establecido tamén na instrución primeira, punto 1, apartados b), c) e e) das Instrucións SEM 1/2022 sobre o arraigo para a formación e outras cuestións comúns ás autorizacións de residencia temporal por motivos de arraigo previstas no artigo 124 do Regulamento de estranxeiría, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril.
- d) Non ser cidadán dun Estado da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo ou de Suíza, ou familiar de cidadás destes países aos que lles sexa de aplicación o réxime de cidadá da Unión.
- e) Non atoparse, se é o caso, dentro do prazo de compromiso de non retorno a España que a persoa estranxeira tivera asumido ao retornar voluntariamente ao seu país de orixe.





- f) Non ter prohibida a entrada en España e non figurar como rexeitable no espazo territorial de países cos que España teña asinado un convenio en tal sentido.
- g) Ademais de cumprir os requisitos anteriores, deberá estar empadroadado nalgún concello galego.

Cuarta. Accións a realizar

1. O programa está integrado por un itinerario de arraigo para a formación a desenvolver por ONG RESCATE Internacional que contará coas seguintes accións:

- a) Captación de potenciais persoas participantes.
- b) Prospección empresarial de cuxos resultados se poida obter información orientativa para determinar ámbitos de formación con maiores posibilidades de inserción laboral.
- c) Selección das persoas participantes efectuada conforme aos criterios establecidos na cláusula terceira deste convenio.
- d) Elaboración do itinerario individualizado de arraigo para a formación no que deberán incluírse accións de diagnose, deseño, seguemento e acompañamento do proceso de arraigo para a formación, e accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades para acceso e permanencia no mercado laboral.
- e) Formación capacitante para obter a autorización de arraigo para a formación e tendo en conta os resultados obtidos da fase de prospección empresarial.
- f) Formación en igualdade entre mulleres e homes.
- g) Asesoramento e apoio na formación para a obtención de permiso de condución clase B, para aquelas persoas que a entidade considere que pode facilitar as súas vías de inserción laboral.
- h) Inserción laboral das persoas participantes que deberá ser a través dun contrato de traballo relacionado coa familia profesional da formación recibida e acreditada no arraigo para a formación. A inserción laboral terá que ser nun posto de traballo en Galicia.
- i) Acompañamento ás persoas participantes durante todo o proceso de arraigo para a formación, incluída a fase de inserción laboral, e seguimento individualizado de cada unha das persoas participantes no programa.

2. Estas actuacións desenvolveranse pola entidade asinante deste convenio dentro das anualidades 2024-2025.

3. A participación nas accións contempladas no punto 1 desta cláusula serán totalmente gratuítas para as persoas participantes, sen prexuízo daqueles gastos que estas persoas



teñan que aboar por conceptos derivados de taxas, autorizacións administrativas ou similares.

Quinta. Incorporación ao programa das persoas participantes

1. A entidade ONG RESCATE Internacional poderá establecer liñas de colaboración e contactar con servizos públicos e entidades que poidan facilitar información ao respecto da detección daquelas persoas que se poidan atopar en situación irregular co obxecto de que, se cumpren os requisitos establecidos na cláusula terceira deste convenio, poidan incorporarse ao programa de arraigo para a formación.

2. Todos as entidades indicadas no parágrafo anterior deberán cumprir a normativa de protección de datos persoais, en concreto o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos de persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 65 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.

3. Antes de realizar a incorporación ao programa, a entidade ONG RESCATE Internacional deberá remitir a selección de persoas candidatas, efectuada conforme aos requisitos esixidos na cláusula terceira deste convenio, á Subdirección Xeral de Cualificacións e Capacidades para o Emprego da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, para a comprobación por esta dos requisitos e posterior comunicación de que a selección realizada é correcta. Para estes efectos, a entidade emitirá unha certificación na que conste que a persoa candidata cumpre cos requisitos para participar no programa.

Sexta. Itinerario de arraigo para a formación

1. A entidade ONG RESCATE Internacional deberá realizar coas persoas participantes un itinerario individualizado de arraigo para a formación.

2. Ese itinerario deberá incluír como mínimo o contido de accións establecido na cláusula cuarta, apartado 1.d) do presente convenio e comprendendo as seguintes fases:

2.1 Asesoramento e acompañamento no proceso de solicitude de autorización de residencia de arraigo para a formación, tanto ante a Oficina de Estranxeiría como ante outros organismos nos que deba cumprir ou realizar algún trámite cara a presentar dita



solicitud como por exemplo os trámites que deba realizar a persoa ante o Servizo Público de Emprego de Galicia con carácter previo á iniciar a formación.

2.2 Diagnose de empregabilidade e elaboración de perfil laboral da persoa que permita definir o ámbito de formación máis axeitado para poder obter unha saída profesional que lle permita acadar un posto de traballo.

2.3 Acción formativa de capacitación profesional conducente a obtención da autorización de residencia por arraigo para a formación:

2.3.1. A acción formativa terá unha duración máxima de 170 horas e mínima de 60 horas , cun máximo de 8 horas por día. Nesa duración máxima, poderá contemplarse a realización de prácticas profesionais non laborais en empresas. Unha vez presentada a solicitude de autorización de residencia por arraigo para a formación xa se poderá iniciar a acción formativa sen necesidade de ter concedida a autorización. En todo caso, a acción formativa deberá iniciarse dentro do prazo dos tres meses desde que se autorizou a residencia por arraigo para a formación e en ningún caso se pode iniciar despois de ter transcorridos eses tres meses.

2.3.2. Con carácter previo ao inicio da/s acción/s formativa/s, a entidade ONG RESCATE Internacional deberá comunicar á Subdirección Xeral de Cualificacións e Capacidades para o Emprego, para a súa validación, a seguinte información:

- Denominación da acción formativa con indicación da familia profesional na que se encadra
- Programa formativo
- Duración e calendario de impartición
- Modalidade de impartición: presencial ou mixta
- Tipoloxía de acción formativa en base ao apartado 1 da instrución primeira da Instrución SEM 1/2022.
- Tipoloxía de probas de coñecemento previstas para acreditar a superación con aproveitamento da formación cursada.

2.3.3 As accións formativas poderán impartirse en modalidade presencial ou a través de aula virtual, considerando ésta como un recurso da modalidade presencial onde o titor e alumnado interactúan, de forma concurrente e en tempo real, a través dun sistema de comunicación telemático de carácter síncrono.





No caso da formación mixta, a parte da formación impartida de xeito presencial terá que ser superior ao 20% da duración total. En ningún caso se autorizarán accións formativas que se impartan exclusivamente en teleformación.

En todo caso, unha vez a entidade comunique á Subdirección Xeral das Cualificacións e Capacidades para o emprego a información recollida no punto anterior, daránselle as indicacións precisas ao respecto das condicións que deberán cumprirse en función da modalidade de impartición (posibilidade de aula virtual, rexistros e/ou controis de asistencia, asistencia titorial, etc.)

2.3.4. As persoas participantes que superen con aproveitamento a formación prevista na resolución de autorización de residencia recibirán unha certificación ao respecto emitida conxuntamente pola entidade e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

2.3.5. En todo caso, será de aplicación para todo o non contemplado explicitamente neste subapartado, a Instrución SEM 1/2022 sobre o arraigo para a formación e outras cuestións comúns ás autorizacións de residencia temporal por motivos de arraigo previstas no artigo 124 do Regulamento de estranxeiría, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, ditada pola Secretaría de Estado de Migracións do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e que se poden consultar na seguinte ligazón: <https://www.inclusion.gob.es/documents/410169/2181659/Instrucciones+arraigo+para+la+formaci%C3%B3n.pdf/a01863be-d209-4437-2def-5f45171e5f9c?t=1686314385982>

2.4. Formación en igualdade entre mulleres e homes: esta formación terá unha duración de 10 horas de acordo co previsto no artigo 124 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Esta formación poderá impartirse en modalidade presencial ou a través de aula virtual, considerando ésta como un recurso da modalidade presencial onde o titor e alumnado interactúan, de forma concurrente e en tempo real, a través dun sistema de comunicación telemático de carácter síncrono.

No caso da formación mixta, a parte da formación impartida de xeito presencial terá que ser superior ao 20% da duración total. En ningún caso se autoriza a impartición exclusivamente en teleformación.

2.5. Asesoramento e apoio para facilitar a obtención de permiso de condución clase B: a entidade, en base ao perfil laboral da persoa, avaliará a pertinencia de facilitarlle apoio



para a obtención do permiso de condución clase B. En todo caso, será requisito necesario que esas persoas teñan xa obtido a autorización de residencia e estean en condicións de poder matricularse nunha autoescola da Comunidade Autónoma de Galicia, para cursar a formación teórico-práctica necesaria para a obtención do permiso de condución clase B. A matrícula e inicio desta formación non poderá realizarse antes de que se teña ditada a resolución de autorización de residencia.

3. Estas actuacións serán compendiadas nun informe mensual que deberá elaborar a entidade ONG RESCATE Internacional para un correcto seguimento do programa.

Sétima. Prospección empresarial

1. A entidade ONG RESCATE Internacional deberá efectuar a prospección de empresas con centro de traballo en Galicia, para identificar oportunidades de emprego para as persoas participantes neste programa de arraigo para a formación, coa finalidade de:

a) Obter unha diagnose do tecido empresarial galego, configurado con información actualizada das empresas por sector de actividade, tamaño, posibilidades de contratación, etc..., en especial: postos de traballo dispoñibles, necesidades de persoal, perfís laborais requiridos.

b) Contactar coas empresas para sensibilizar e informar sobre o programa.

c) Elaborar un censo de empresas diana que teñan necesidades de persoal, postos de traballo vacantes, ofertas de traballo ou previsión de telas, coas que subscribir acordos de colaboración para promover a contratación das persoas participantes.

2. Estas actuacións serán compendiadas nun informe mensual que deberá elaborar a entidade ONG RESCATE Internacional para un correcto seguimento do programa.

Oitava. Subscrición de acordos de colaboración para promover a contratación das persoas participantes

Para promover a inserción laboral das persoas participantes, a entidade ONG RESCATE Internacional deberá subscribir os correspondentes acordos de colaboración con empresas para promover a contratación das persoas que realicen a formación con aproveitamento; os ditos acordos terán que materializarse mediante a tramitación e sinatura do correspondente acordo entre a entidade ONG RESCATE Internacional e a



empresa e deberán conter a seguinte información: perfís das persoas que a empresa prevé necesitar, número de persoas participantes no programa que poderían ser contratadas, modalidade do contrato, duración e xornada e identificación do centro de traballo que deberá estar en Galicia.

Novena. Inserción laboral das persoas participantes

A entidade ONG RESCATE Internacional deberá conseguir a inserción laboral das persoas participantes, de xeito que, polo menos, 25 persoas acaden a consideración de persoa participante inserida.

Para os efectos deste convenio, e de acordo co establecido na instrución segunda, das Instrucións SEM 1/2022 sobre o arraigo para a formación e outras cuestións comúns ás autorizacións de residencia temporal por motivos de arraigo previstas no artigo 124 do Regulamento de estranxeiría, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, ditada pola Secretaría de Estado de Migracións do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, considerarase persoa inserida aquela persoa que tras superar con aproveitamento a formación prevista na solicitude de residencia, formalice un contrato de traballo por conta allea relacionado coa familia profesional da formación recibida e acreditada no arraigo que garanta polo menos o Salario Mínimo Interprofesional en cómputo global anual ou o establecido por convenio colectivo.

Décima. Acompañamento á inserción e seguimento do programa

A entidade ONG RESCATE Internacional deberá realizar o acompañamento das persoas participantes na incorporación e inicio da relación laboral, mediante contactos coa persoa e a empresa, que a entidade manterá de forma sistematizada e por distintos medios (teléfono, correo electrónico, visita á empresa, etc.) e cuxa execución se acreditará documentalmente; esa documentación acreditativa do cumprimento desta actuación deberá ser clara e permitir a comprobación das actuacións efectivamente realizadas, e estará referida ás actuacións desenvoltas no mes anterior.

Décimo primeira. Financiamento e contía da subvención

1. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará a cantidade total de douscentos vinteseite mil oitocentos cincuenta euros (227.850,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 44.03.323A.481.1 (código programa 2023 00123), distribuída nas seguintes anualidades:



Ano	Orzamento
2024	18.988,00€
2025	208.862,00€

2. Do orzamento global previsto no punto anterior, establécese unha cantidade máxima de 6.510 euros por persoa participante no programa. Este custo unitario será o módulo de referencia para a xustificación do gasto e para a súa determinación tomouse como referencia os importes recollidos en convenios de colaboración asinados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para actuacións similares. Tendo en conta esa cantidade máxima subvencionada por persoa, aboaranse os seguintes importes:

a) Axuda económica para as persoas participantes no programa: A entidade ONG RESCATE Internacional aboará ás persoas participantes unha axuda por importe de 1.250 euros que poderá facer efectiva no momento que a entidade considere oportuno pero en todo caso deberá terse realizado no prazo máximo de cinco días (5 días) desde que teña rematada a formación, coa finalidade de atender aos gastos básicos diarios durante o tempo que realice a formación ao non ser compatible a situación de arraigo para a formación coa realización dun traballo. Este importe de 1.250 euros correspóndese para o suposto daquela persoa que realice unha acción formativa de 170 horas, de xeito que no caso de que esa duración fose inferior, minoraríase de xeito proporcional.

b) Por persoa que finalice a formación prevista na súa solicitude de residencia: 1.700 euros, estimada nunha duración máxima de 170 horas e en todo caso a formación non poderá ser inferior a 60 horas. Para os efectos de poder acadar a certificación de aproveitamento, a persoa deberá realizar o 80% das horas de duración da acción formativa.

c) Por persoa que finalice a formación sobre igualdade entre mulleres e homes: 100 euros; esta formación terá unha duración obrigatoria de 10 horas.

d) Por persoa que, durante a vixencia da autorización de residencia, formalice un contrato de traballo unha vez rematada a formación prevista na solicitude de residencia: 1.980 euros. O contrato de traballo deberá cumprir cos requisitos establecidos na cláusula novena do presente convenio.





e) Por gastos xerais derivados das accións contempladas nos apartados a), b), c), d), e) i) da cláusula cuarta, apartado 1, do presente convenio: 1.080 euros por persoa a que se lle elabore un plan individualizado de arraigo para a formación.

f) Axuda económica para a formación orientada á obtención do permiso de condución clase B: 400 euros por persoa participante. A entidade ONG RESCATE Internacional aboará a axuda ás persoas participantes que xa teñan concedida a autorización de residencia e que desexen cursar a formación teórico-práctica para a obtención do permiso de conducir clase B.

O abono da axuda realizarase en dous pagos; 200 euros para a formación teórica que se realizará no momento no que a persoa xustifique a correspondente matrícula nunha autoescola da Comunidade Autónoma de Galicia e 200 euros que se aboará cando a persoa xustifique ter iniciada a formación práctica.

3. Para os efectos de liquidación e pago, o importe a aboar será o resultante de aplicar cada un dos módulos previstos no apartado anterior polo número de persoas que se atopen en cada un dos ditos apartados.

Décimo segunda. Gastos subvencionables

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos aos seguintes conceptos subvencionables ao abeiro deste convenio, conforme aos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada. En particular, comprenden os seguintes:

a) Recursos humanos: gastos de persoal, integrando os custes salariais e de seguridade social do persoal habitual ou contratado especificamente para este convenio, especificando a porcentaxe de dedicación. Inclúese os gastos que se orixinen por indemnización por fin de contrato que sexa necesario aboar á persoa traballadora contratada.

b) Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputado ao convenio, necesarios para o desenvolvemento das accións. Estes gastos deberán ser moderados e limitados (tarifas de transporte económicas, aloxamentos de categoría media, axudas de custo limitadas tomando como referencia ás establecidas para a administración pública na Resolución do 24 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se dá publicidade do Acordo do





Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231201/AnuncioG0597-241123-0013_gl.pdf.

c) Material funxible: adquisición de materiais funxibles, compoñentes precisos, subministracións e produtos similares, sempre que estean relacionados e sexan precisos para a realización das actividades obxecto do presente convenio.

d) Servizos externos: contratacións con entidades externas en materias necesarias para o desenvolvemento das actuacións ao abeiro deste convenio.

e) Gastos do importe da axuda por asistencia a accións de formación, prevista na cláusula décimo primeira, apartado 2.a) deste convenio.

f) Outros gastos relacionados co servizo como os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica, os gastos de asesoría financeira, os gastos notariais e rexistrais especialmente derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de conformidade cos termos e dentro dos límites previstos no artigo 29, apartado 7 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Tamén os gastos de enerxía eléctrica, auga, combustible, comunicacións, limpeza, seguridade, seguros, etc.

g) Custos indirectos, considerados como tales aqueles segundo o establecido polo artigo 29, apdo. 9 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e o artigo 42.6 do Decreto 11/2009 polo que se regula o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. Entre estes atoparase o aluguer dos locais nos que se desenvolva a actividade.

En todos os custos indirectos establecerase e xustificarse a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente á realización dos gastos.

Os tributos serán considerados gastos subvencionables cando o beneficiario os aboa efectivamente consonte ao establecido no artigo 29, apartado 8 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. En ningún caso terán a consideración de gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

h) Gastos por coordinación e xestión do programa.





Décimo terceira. Pagamentos anticipados e liquidación

1. En base ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo da sinatura do convenio, poderá realizarse un pago anticipado polo importe do 50% da subvención concedida para a anualidade 2024. Logo da xustificación dos gastos realizados con cargo á anualidade 2024, poderase solicitar un segundo pagamento anticipado con cargo á anualidade 2025 do 50% ou parte que corresponda. Os pagos anticipados calcularanse tendo en conta o orzamento de cada anualidade.

Os anticipos deberán ser solicitados pola entidade beneficiaria xunto coa seguinte documentación:

-Solicitud de pagamento anticipado.

-Declaración responsable segundo o previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 10, 11 e 12 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 63.1 e 67 do mesmo corpo legal, a entidade ONG RESCATE Internacional queda exonerada da constitución de garantías.

3. Así mesmo, e atendendo ao obxecto e natureza do convenio, conforme ao artigo 62 do dito Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderán realizarse pagos a conta. Ditos pagos suporán a realización de pagos fraccionados, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade ONG RESCATE Internacional deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula décimo cuarta do presente convenio.

4. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos anticipos que se puideran conceder non poderán superar o 80% da porcentaxe subvencionada correspondentes aos pagamentos xustificadas nin superará a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.





5. A liquidación final da subvención será equivalente á cantidade resultante de deducir as contías dos anticipos percibidos dos gastos totais debidamente xustificadas.

Décimo cuarta. Xustificación e pagamento

1. A xustificación da subvención realízase a través do réxime de módulos, de acordo co establecido nos artigos 52 a 55 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e os artigos 76 a 79 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. Para implementar o dito réxime de módulos, nesta convenio tivéronse en conta como referencia os módulos empregados pola consellería para actuacións similares financiadas nese caso con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

2. Antes do 10 de decembro de 2024 a entidade ONG RESCATE Internacional presentará a xustificación das accións realizadas ata o 30 de novembro de 2024.

A xustificación correspondente a 2025 comprenderá as accións realizadas desde o 1 de decembro de 2024 ata o 30 de novembro de 2025 e presentarse con data límite do 15 de decembro de 2025.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade da entidade.

3. A xustificación presentarse por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e incluírá a seguinte documentación que deberá presentar a entidade beneficiaria para xustificar os obxectivos e fitos aos que se dá cumprimento coa axuda concedida, achegando a seguinte documentación :

a) Solicitude de pagamento asinada pola persoa que exerce a representación da entidade ONG RESCATE Internacional.

b) Declaración responsable doutras axudas ou subvencións da entidade con indicación do importe e a orixe procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

c) Certificado de estar ao día no cumprimento dos deberes tributarios e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.



d) Para o aboamento da axuda de participación ás persoas participantes na formación prevista na cláusula décimo primeira, apartado 2.a) do presente convenio:

- Certificación asinada pola persoa responsable da entidade ONG RESCATE Internacional, comprensiva da relación de persoas participantes que percibiron a axuda.

- Xustificación de pagamento mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso efectivo por portelo, certificación bancaria, etc.; no caso de pagamentos mediante cheque bancario, que será sempre nominativo, xuntarase a este a copia do extracto bancario onde figure o cargo en conta do dito cheque), en que conste a identificación da entidade pagadora e da destinataria do pagamento.

e) Para o aboamento das horas de formación previstas na cláusula décimo primeira, apartado 2.b) do presente convenio: certificación da realización das horas de formación por cada persoa participante, indicando a denominación, contido, duración, datas de realización e resultados obtidos. As persoas participantes que completen a acción formativa recibirán un certificado acreditativo de ter superado con aproveitamento dita formación; no caso de non superala terán dereito a un certificado de asistencia.

f) Para o aboamento das horas de formación en igualdade de mulleres e homes prevista na cláusula décimo primeira, apartado 2.c) do presente convenio: certificación da realización das horas de formación por cada persoa participante.

g) Para o aboamento do importe correspondente por cada persoa inserida laboralmente, previsto na cláusula décimo primeira, apartado 2.d) do presente convenio: certificación acreditativa dos contratos formalizados polas persoas participantes no programa.

h) Para o aboamento do importe correspondente as accións previstas na cláusula décimo primeira, apartado 2.e) do presente convenio: certificación acreditativa dos itinerarios individualizados de arraigo para a formación elaborados. Para poder certificar os itinerarios será imprescindible que se teñan solicitadas as correspondentes autorizacións de residencia.

i) Para o aboamento da axuda económica para a formación orientada á obtención do permiso de condución clase B prevista na cláusula décimo primeira apartado 2.f):

- Certificación asinada pola persoa responsable da entidade ONG RESCATE Internacional, comprensiva da relación de persoas participantes que percibiron a axuda e a cantidade recibida.

- Xustificante da matrícula na autoescola e certificación do inicio da parte práctica.

- Xustificación de pagamento mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso efectivo por portelo, certificación banca-



ria, etc.; no caso de pagamentos mediante cheque bancario, que será sempre nominativo, xuntarase a este a copia do extracto bancario onde figure o cargo en conta do dito cheque), en que conste a identificación da entidade pagadora e da destinataria do pagamento.

j) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das obrigas establecidas no convenio con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa destes, nº de persoas participantes, e outros aspectos que se consideren relevantes.

k) Certificación, en base ao establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de que o importe da subvención non supera o custo das actividades realizadas ao abeiro do presente convenio.

l) Para o suposto de que o importe do gasto subcontratado supere as contías dos contratos menores establecidas no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, memoria xustificativa da elección entre as tres ofertas presentadas cando a elección non recaía na proposición económica máis vantaxosa.

m) Memoria relativa ao persoal do programa, que conterá información sobre os contratos do persoal adscrito ao programa, así como os seus perfís profesionais.

n) Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

o) Se é o caso, achegará tamén documento acreditativo do reintegro efectuado dos fondos subvencionados non xustificados.

4. Ao abeiro do disposto no artigo 55 do Decreto 11/2009 polo que se regula o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e no artigo 79 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, a entidade ONG RESCATE Internacional estará dispensada da obriga de presentación de libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil ou calquera outra documentación xustificativa dos gastos realizados, sen prexuízo da obriga do beneficiario de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das correspondentes actuacións de comprobación e control, segundo dispón o artigo 14.1. g) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como de calquera outra obriga derivada da normativa estatal ou da Unión Europea que así o esixa.

5. A Subdirección Xeral de Cualificacións e Capacidades para o Emprego da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego realizará a correspondente comprobación técnico-económica.



No suposto de que a documentación presentada non cumpra cos requisitos sinalados neste convenio, conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á entidade beneficiaria a súa emenda. Se da dita comprobación resultase o incumprimento, total ou parcial, os fins para os que foi concedida a subvención, as obrigas previstas no convenio ou os requisitos establecidos para a xustificación, comunicárase tal circunstancia á entidade beneficiaria xunto aos resultados da comprobación técnico-económica e iniciárase, de ser o caso, o procedemento de reintegro total ou parcial da subvención.

Décimo quinta. Incumprimentos e reintegros

1. O incumprimento das obrigas establecidas no presente convenio e demais normas aplicables, poderá dar lugar a perda total ou parcial do dereito de cobro da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

2. O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga de xustificala dará lugar ao reintegro do 100% da subvención concedida. Igualmente, considerarase que concorre o incumprimento total se a realización da actividade subvencionada non acada o 25% dos seus obxectivos, medidos co indicador do fito establecidos na cláusula primeira, apartado 2.b) do presente convenio.

3. No suposto de incumprimento parcial dos fins para os que se establece a subvención prevista neste convenio ou da obriga de xustificala dará dereitos ao reintegro parcial da subvención concedida. Cando a execución do indicador citado no punto anterior estea comprendido entre o 25% e o 100%, a subvención concedida por inserción minorárase segundo a porcentaxe de cumprimento do dito indicador se atope dentro do tramo definido na seguinte táboa:

% de cumprimento de inserción	% minoración
<100-90	3%
<90-75	5%
<75-60	10%
<60-50	20%
<50-40	30%
<40-30	40%
<30-25	60%



Décimo sexta. Obrigas

De acordo co artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no , así mesmo a cumprir as obrigas sinaladas no artigo 11 da dita lei e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- b) Desenvolver todas as actuacións recollidas neste convenio e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta.
- c) Xustificar a realización das accións recollidas na cláusula cuarta deste convenio e xustificar o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas participantes no programa.
- d) Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento en todas as accións que se deriven da execución do programa, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así, en todo tipo de publicidade e información relativos ás actuacións subvencionadas, terá que constar a condición de subvencionada pola Xunta de Galicia-Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- e) Someterse ás actuacións de seguimento que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, tanto estatais coma comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- f) Presentar, xunto coa xustificación da realización das actividades obxecto do convenio, declaración responsable ou certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade coa disposto nos artigos 10, 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- g) Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos



compromisos e deberes asumidos. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

h) Subministrar á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, dos deberes previstos no Título I da dita lei. O incumprimento deste deber determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

i) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e non utilizar ningún dato desa información distinto ao obxecto do presente convenio. Así mesmo, queda obrigada a manter de xeito confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e cumprir coas obrigas sinaladas no artigo 28 do Regulamento (EU) 2016/679.

j) Asumir a responsabilidade civil derivada da atención ás persoas destinatarias participantes das accións do programa, a través da subscripción dun seguro de responsabilidade civil que cubra calquera eventualidade que poida producirse contra as persoas e bens, como consecuencia do desenvolvemento do programa.

k) Contratar un seguro de cobertura de accidentes para as persoas participantes nas actuacións que cubra tanto os riscos que poidan ter as persoas participantes durante o desenvolvemento das accións de formación e prácticas profesionais non laborais, se é o caso, como nos dos desprazamentos.

l) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

m) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

n) Aplicar medidas para evitar o fraude, a corrupción e o conflito de interese á hora e aplicar a subvención recibida.

o) Cumprir as demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sétima. Subcontratación

1. A entidade ONG RESCATE Internacional poderá subcontratar ata unha porcentaxe do 50% da actividade subvencionada cos límites e obrigas establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de



xuño de subvencións de Galicia e artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Porén o anterior, non se considerará subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actuación subvencionada, tales como a contratación de persoal técnico ou docente para a impartición das actuacións subvencionadas, o alugamento de instalacións para a realización das actuacións e/ou gastos de subministracións relacionados con elas, sempre que non sexan provistos pola mesma persoa física ou xurídica.

2. Cando de acordo co disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe de cada un dos gastos subvencionables supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo a contratación do compromiso da obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou que o gasto se realizase con anterioridade á sinatura do presente convenio. A elección entre as ofertas presentadas deberá estar xustificada debidamente no expediente administrativo deste convenio e a así mesmo debera xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na oferta máis vantaxosa.

Décimo oitava. Compatibilidade con outras axudas

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén a axuda económica de 1.250 euros prevista na cláusula décimo primeira, apartado 2.a) do presente convenio que terán dereito a percibir por unha única vez ás persoas que participen na formación, é compatible coa obtención doutras axudas que teñan a mesma finalidade de atender as necesidades básicas da vida diaria. Así mesmo, a axuda económica de 400 euros prevista na cláusula décimo primeira, apartado 2.f) do presente convenio, é compatible coa obtención doutras axudas que teñan a mesma finalidade.



Décimo novena. Recursos humanos. Inexistencia de relación laboral

1. A entidade ONG RESCATE Internacional aportará ao programa, ademais dos medios técnicos, os medios humanos necesarios para o desenvolvemento das accións que contempla e conleva a xestión deste programa de arraigo para a formación e para atender as obrigas derivadas do mesmo.

2. A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Vixésima. Protección de datos persoais

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Vixésimo primeira. Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector





público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Vixésimo segunda. Ámbito de aplicación e vixencia

1. O convenio terá efectos desde a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025 e comprenderá todas as actuacións sinaladas no convenio, desenvoltas no ámbito territorial de Galicia e que se realicen no período comprendido desde a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025.

Porén, serán imputables ao presente convenio os gastos que respondan de xeito indubidable á realización das accións obxecto do convenio, realizados con anterioridade á sinatura do mesmo e sempre que estean debidamente xustificadas e se realizaran desde o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de novembro de 2025.

2. Poderá prorrogarse por acordo expreso das partes sempre que a prórroga se adopte con anterioridade á finalización da súa vixencia.

Vixésimo terceira. Causas de resolución

1. O presente convenio en canto a súa extinción axustarase ás causas de resolución recollidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Serán causas de resolución as seguintes:

- o transcurso do prazo de vixencia do convenio
- o acordo unánime das partes asinantes
- o incumprimento das obrigas ou compromisos asumidos
- por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- por calquera outra causa prevista nas leis.

2. No caso de resolución do convenio, as partes establecerán os mecanismos que permitan o seguimento das actividades iniciadas, ou a súa finalización ordenada e axeitada, preservando os dereitos das persoas que puideran resultar afectadas. De acordo co artigo 52.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o prazo máximo improrrogable para a finalización das actividades que estiveran en curso será de un mes.





3. No caso de extinción anticipada, a entidade ONG RESCATE Internacional deberá presentar a xustificación dos gastos realizados con cargo a subvención do presente convenio, no prazo de dous meses contados desde a súa extinción, procedéndose no seu caso a iniciar o correspondente expediente de reintegro da cantidade que no teña sido executada, de acordo co establecido na cláusula décimo quinta.

4. Así mesmo, o incumprimento total dos fins do convenio, a non realización das actividades previstas ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da contía xa percibida.

Calquera outro incumprimento parcial dos fins do convenio ou da obriga de xustificación, dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro ao Tesouro da Xunta de Galicia das contías xa aboadas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a subscripción do convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía contemplada no presente convenio.

Vixésimo cuarta. Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión paritaria de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, por dúas persoas funcionarias da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego e dúas persoas por parte da entidade ONG RESCATE Internacional.

A actuación da comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Vixésimo quinta. Seguimento, informes e memorias

1. A entidade ONG RESCATE Internacional proporcionará en todo momento a información que lle sexa solicitada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e deberá enviar a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego os informes de seguimento das actuacións que de seguido se indican, con periodicidade mensual:

a) informes de prospección empresarial

b) informe de seguimento e xestión sobre a execución realizada no mes precedente, no que se recollerá de xeito pormenorizado o estado do programa, os obxectivos acadados, os pendentes de acadar, o gasto realizado, así como calquera outro aspecto que se considere de relevancia para o bo desenvolvemento do programa.

2. A entidade ONG RESCATE Internacional elaborará os modelos de documentos mediante os cales se acreditará a realización das actuacións previstas no convenio, que deberán ser aprobados previamente pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

Vixésimo sexta. Autorización, publicidade e rexistro do convenio

1. A entidade ONG RESCATE Internacional autoriza á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

2. As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

3. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).



Vixésimo sétima. Tramitación na sede electrónica

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarse por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén un sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin un modelo normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En caso de que achegue a documentación de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma prevista no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Vixésimo oitava. Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos



non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter a súa dirección de correo electrónico habilitada a través do Sistema de Notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración poderá de oficio crear a indicada dirección, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas do seu deber de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se accedese ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Vixésimo novena. Fraude, corrupción e conflito de intereses

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente no marco deste convenio, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento da Xunta de Galicia, a través da canle de denuncias da Xunta de Galicia, de comunicación de información en materia de integridade institucional, dispoñible na seguinte ligazón: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>.

Así mesmo, serán de aplicación ás actuacións deste convenio as medidas contempladas no Plan Específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

Trixésima. Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da





Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento

O conselleiro de Emprego, Comercio e
Emigración

A Directora de Programas de ONG RESCATE
Internacional

José González Vázquez

María Cristina Bermejo Diñeiro

